

O FUTURO DO EMPREGO É VERDE

A FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD APOSTA NESTE MOMENTO DE CRISE POR PROMOVER POSTOS DE TRABAJO LIGADOS AO MEDIO AMBIENTE

AGENCIAS

A directora da Fundación Biodiversidad, Ana Leiva, afirmou esta semana que «nun momento de crise como o que estamos a pasar o emprego verde vai ser o gran salvador dos empregos e isto ímolo a ver no futuro».

Leiva presentou en Oviedo o Proxecto Brumas, que forma parte do Programa Empleaverde da fundación que dirixe, nun acto no que tamén estiveron presentes a viceconselleira de Medio Ambiente do Principado, Belén Fernández, e a directora da Oficina para a Sustentabilidade, o Cambio Climático e a Participación, Neves Roqueñí.

O Proxecto Brumas nace co obxectivo promover o desenvolvemento sostible e o correcto aproveitamento do medio ambiente a través da formación e emprego no medio rural asturiano.

A Fundación Biodiversidad elixiu esta proposta entre as 252 que aspiraban a formar parte de Empleaverde porque «hai quen di que se recuperará a economía no momento en que se poidan volver vender as casas e a construír novos pisos» dixo Leiva, pero débese apostar por «outras formas de crecer, de investir e de xerar emprego».

A directora da fundación explicou que a industria ambiental



Os osos 'Paca', 'Tola' e, ao fondo, 'Furaco', en Proaza (Asturias). EFE

xera o 2,2 por cento do produto interior bruto da Unión Europea, o que supón que ten un peso económico maior que a industria do automóbil, e recordou que España é o primeiro produtor de agricultura ecolóxica de Europa, polo que apostou por «promover o emprego ligado ao medio ambiente».

Asturias confía no tirón turístico dos osos

A directora xeral de Turismo do Principado, Elisa Llana, indicou en Avilés que «o idilio» de 'Furaco' e 'Tola' «é algo tremendo que está dando a volta ao mundo e está

sendo moi bo para o conxunto de Asturias» e o seu turismo e mostrou a súa confianza en que «o ano que vén» a rexión «poida gozar duns cantos osiños».